

PROXECTO DE INNOVACIÓN
DE
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CEIP. FIGUEIROA
A ESTRADA

XUÑO 2008

ÍNDICE

| | | |
|------|---|----|
| 1.- | Xustificación..... | 1 |
| 2.- | Análise do contexto sociolingüístico..... | 4 |
| 3.- | Obxectivos..... | 5 |
| 4.- | Organización..... | 6 |
| 5.- | Periodicidade das emisións..... | 9 |
| 6.- | Metodoloxía, contidos e actividades..... | 10 |
| 7.- | Relacións co contorno..... | 12 |
| 8.- | Profesorado..... | 13 |
| 9.- | Difusión do proxecto..... | 13 |
| 10.- | Avaliación..... | 14 |

1.- XUSTIFICACIÓN.

A creación dunha radio escolar a través das ondas e internet é, sen lugar a dúbidas, unha iniciativa pedagóxica que cobra especial relevancia na era dixital, ao tempo que encaixa perfectamente no marco das accións que as administracións públicas están a levar a cabo co fin de aproveitar as vantaxes que no terreo da educación achega a converxencia tecnolóxica, cada vez máis rica e sólida, da informática, as telecomunicacións e a industria do audiovisual.

A radio presenta amplas posibilidades de explotación dentro e fóra da aula, tal e como demostran as múltiples experiencias que dende hai anos se viñeron desenvolvendo. Fóra da aula, a radio conságrase, por exemplo, como un medio de ensino a distancia que serviu e segue servindo para instruír moitas persoas, sobre todo nos lugares máis desfavorecidos.

Diante de obxectivos que consideramos imprescindible ter en conta tales como:

- Contribuír á desaparición da digloxia que aínda se observa.
- Impulsar a inmersión dos alumnos/as na cultura que nos é propia.
- Potenciar o uso correcto e fluído do código lingüístico.
- Favorecer a capacidade de comunicación en galego para alumnos/as procedentes doutras culturas.

propoñémonos utilizar unha radio escolar como unha forma, que nos parece atraínte e novedosa na nosa zona educativa, para que os alumnos/as interactúen co seu contorno desde moi distintos ámbitos: música, lecer en xeral, literatura, información, publicidade..., o que leva consigo distintos rexistros de expresión e un campo aberto a moitos alumnos/as e intereses

Dentro deste plantexamento parécennos notorias as posibilidades que ofrece este medio para suscitar a imaxinación e a capacidade creativa dos alumnos/as, contribuíndo ademais cos seus produtos a ampliar o coñecemento sobre o ámbito político, económico, social, cultural e natural que envolve a comunidade escolar.

Por outra banda, parécenos que é un proxecto viable polos seguintes motivos:

- Ó profesorado motívalle e interesalle na medida en que permite que os alumnos/as resuman, escriban, lean, declamen, dialoguen, discutan, traballen en grupo e se expresen tanto oral como por escrito con soltura e corrección.

- Ós alumnos/as atráeos poderosamente o mundo da radio: sentirse protagonistas de programas atractivos, poder imitar outras voces, dramatizar, observar que son o centro de atención dos demais.... son, sen dúbida, reclamos válidos para desenvolver o proxecto.

- Ós pais/nais gústalles oír expresarse aos seus fillos/as, sentir que a súa participación na emisora escolar supón un enriquecemento persoal e social. En definitiva, ven que realizan un traballo serio e cunhas dimensións educativas inestimables.

Podemos resumir tres niveis de implicación:

a. Profesorado:

- a. 1. Continuar coa formación do profesorado.
- a. 2. Potenciar o traballo en equipo, desenvolvendo técnicas que posibiliten un mellor funcionamento do Centro.
- a. 3. Afondar e ampliar o coñecemento de novas tecnoloxías que posibiliten mellorar os nosos métodos educativos.
- a. 4. Descubrir e desenvolver novos modelos didácticos que permitan o logro dos obxectivos educativos.

b. Alumnado:

- b. 1. Coñecer e participar nun medio de comunicación altamente motivador.
- b. 2. Coñecer e familiarizarse cos distintos elementos que compoñen a radio.

b. 3. Perfeccionar o nivel de expresión oral e escrita que lles permita desenvolverse con soltura e naturalidade:

b. 4. Fomentar o traballo en equipo, a responsabilidade e o gusto pola lectura.

c. Resto da Comunidade.

c. 1. Posibilitar o coñecemento deste poderoso medio de comunicación.

c. 2. Fomentar a coordinación entre Centro e o resto da Comunidade Educativa posibilitando novas canles de participación e convivencia.

c. 3. Potenciar o desenvolvemento de actividades que esperten o interese cultural e formativo da Comunidade Educativa utilizando este recurso tecnolóxico.

2. - ANÁLISE DO CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.

O CEIP. Figueiroa está situado na zona noroeste da Estrada. A poboación escolar que acode ao colexio procede das parroquias de Matalobos, Toedo, Santeles, Ribeira, Barbude, Paradela, Aguíóns, Moreira, Lagartóns, Cereixo, Vinseiro, Guimarei, Somoza, Ouzande e A Estrada.

Nalgunhas destas zonas foise reducindo a natalidade considerablemente nos últimos anos, debido ao envellecemento da poboación, observándose ultimamente un repunte. A inmigración tamén está contribuíndo ao aumento do número de alumnos/as que cada ano se observa.

Un 30% do alumnado procede do entorno do centro e rúas limítrofes.

As familias proceden do medio rural e o seu nivel é medio-baixo. Dedícanse ao sector primario unha porcentaxe pequena e ao sector servizos a maioría.

Conviven cos avós e outros familiares en vivendas unifamiliares.

Acollemos a un elevado número de alumnos procedentes doutras culturas, principalmente de Centro América, Europa... Tamén cabe sinalar a presenza de alumnado con necesidades educativas especiais procedentes doutros centros do entorno.

O galego é a lingua materna dos nosos alumnos/as, pois é empregada no ámbito familiar, escolar e social (preto dun 90% do alumnado fala galego na escola e fóra dela). Estes datos derívanse da última enquisa feita ó respecto, segundo figura no P.E.C. Actualmente está en proceso un novo estudio lingüístico dentro do proceso de elaboración da P.S.C. (Planificación Sociolingüística do Centro)

O CEIP. Figueiroa está nunha situación de privilexio en canto ao uso da nosa Lingua. O 90% dos alumnos/as son galego falantes. A súa lingua vehicular é o galego. Algúns endexamáis se expresan en castelán e outros fano esporadicamente e en moi poucas ocasións, pois proceden dun ambiente galego -falante.

O 10% restante comprende alumnos/as do medio urbano próximo ao colexio, ou son fillos/as de emigrantes que retornaron ou inmigrados.

Polo que, tendo en conta isto, empregarase o galego como lingua de aprendizaxe tal como se sinala no P.E.C., buscando ó mesmo tempo a competencia en ámbalasdúas linguas, mantendo cada quen a súa lingua de instalación, tal como reflicte a lexislación vixente.

3.- OBXECTIVOS.

- Fomentar e reforzar o traballo en equipo.
- Potenciar a iniciativa e a capacidade creadora do profesorado involucrado no proxecto.
- Mellorar a capacidade de comunicación a través do emprego do código lingüístico desde distintos rexistros e ámbitos.
- Aumentar de forma significativa a capacidade de pescuda en medios bibliográficos en distintos soportes.

- Favorecer a integración do alumno/a, aproximándoo/a ao seu ámbito.
- Desenvolver un novo xeito de educar: activo, aberto á vida, democrático, crítico e solidario.
- Dinamizar a comunicación entre a comunidade escolar.
- Aproveitar por toda a Comunidade Educativa do Centro as potencialidades educativas da Radio Escolar.
- Iniciar ós distintos sectores da Comunidade Educativa do Centro interesados nas técnicas básicas e nos xéneros da radiodifusión.
- Difundir a oferta educativa do CEIP. Figueiroa.
- Afirmar nos alumnos/as a identificación coa súa lingua de instalación, favorecendo unha actitude dignificación do seu uso en calquera ámbito.
- Ofrecerlle, ós alumnos/as que non teñen o galego como lingua de instalación, a posibilidade de enriquecer a súa comunicación, adquirindo o dominio suficiente dunha lingua máis.

4.- ORGANIZACIÓN.

Aínda que a idea da súa creación parte fundamentalmente do Equipo de Normalización Lingüística, é asumida por todo o Claustro e resto da Comunidade Educativa.

A filosofía do Centro involucra a todos os ciclos e niveis, incluída a etapa infantil. Así mesmo, vemos unha porta aberta a longo prazo á posibilidade de abrir a emisora en horario non lectivo a antigos alumnos/as e resto da Comunidade.

A organización básica da Radio Escolar, formúlase como unha actividade extraescolar, dependente do Departamento de Normalización Lingüística, cun consello de organización no que poidan estar representados os distintos sectores da Comunidade Educativa participantes na actividade (ANPA, Profesores, Alumnos/as, Equipo Directivo). Este órgano, que

podíamos chamar Consello de Emisión da Radio Escolar tería como principais funcións.

- Regular a participación dos distintos sectores da Comunidade Educativa na Emisora Escolar, por medio da programación.
- Establecer as normas mínimas de organización e emisión.
- Decidir sobre a temporalización das emisións.
- Programar as propostas de contidos.
- Resolver as incidencias que poidan repercutir negativamente no desenvolvemento do proxecto.
- Propor ó Claustro e ó Consello Escolar asuntos relacionados coas infracestructuras e investimentos necesarios para a súa instalación e mantemento.
- Asesorar ó profesorado, cando o solicite, buscando a máxima implicación do mesmo neste proxecto.

Proponse que estea formado por 7 membros:

- Un profesor/a, membro do Equipo Directivo do Centro, que actuará de Presidente.
- Un profesor/a, membro do Departamento de Normalización Lingüística.
- Un profesor/a, elixido entre os profesores do Equipo de Persoal Emisor habitual, ou sexa, os que teña ao seu cargo un programa periódico na Radio.
- Un pai ou nai, representante do ANPA do Centro.
- Dous alumnos/as, elixidos entre os participantes nas emisións periódicas da radio.

Un deles actuará de Secretario.

Reuniranse unha vez ó mes como mínimo, cando o convoque o seu Presidente, ou cando o solicite polo menos a metade máis un dos seus membros. A duración do seu cargo será por curso escolar.

Coa formulación prioritaria de ser unha estratexia educativa (dende a motivación ao seu uso como ferramenta didáctica), de aí o seu nome de EMISORA ESCOLAR, enténdese dende a Coordinación da actividade que debe ser o profesorado o principal dinamizador da participación. Ou sexa, ofrecer diferentes opcións ós Profesores de todo o Claustro para que poidan participar na actividade, segundo o grao de compromiso que queiran ou poidan:

- Participar dende dentro, ao cargo dun programa periódico, con grupos fixos ou rotatorios de alumnos/as.
- Participar como profesores titores dalgún grupo de alumnos/as que interviñesen nun programa aberto ós diferentes grupos-clase.
- Gravacións puntuais de actividades de aula para a súa posterior emisión en programas específicos.
- Participando como guionistas puntuais ou rotatorios, de determinados programas especiais: concursos sinxelos de investigación, de entrevistas, charlas e/ou debates sobre temas transversais, de actualidade, etc.
- Suxerindo propostas.

Normas previas:

1. Un profesor/a debe de estar presente sempre cos alumnos/as durante a emisión dos programas.
2. A participación pode formularse en directo, ou a través de programas pregravados na mesma aula cunha sinxela gravadora e un micrófono ou varios se son necesarios.
3. Os Equipos de Emisión, normalmente deberán estar formados por alumnos/as cun profesor e un membro do Consello de Emisión, se así fose solicitado. Aquí, haberá alumnos/as que realicen o control técnico e outros/as que desenvolvan o guiión radiofónico.
4. Deben ir rotándose nestes mesteres para que todos os alumnos/as coñezan o medio dende todos os seus ángulos.

Impartirase, por persoal da Emisora Municipal Radio Estrada un curso inicial teórico no que participarían todos/as os/as alumnos/as e profesores/as interesados/as.

Para establecer a programación deberá terse en conta que os programas deben responder a un motivo, a un interese e levar un mínimo guiión: non esquecer que é unha Radio Escolar. Polo tanto, os programas deben ter certa calidade e estar previamente traballados e elaborados para que conserven, en todo o proceso, o seu compoñente formativo.

Abrirase un concurso de ideas entre os alumnos/as para a elección do nome da Emisora Escolar.

Equipamento.

Pretendemos poñer en marcha unha emisora escolar que sexa posible, sustentable e duradeira no tempo; polo tanto o equipamento será o mínimo e necesario para cumprir o obxectivo proposto, aproveitando todos os recursos do centro (local para o estudio radiofónico, equipos de son e informáticos da aula de TICs.... Aínda así, será necesara a adquisición ou xestionar a doación dun equipamento mínimo que a continuación se relaciona:

- Antena Dipolo para FM de 88 a 108 Mhz.
- Transmisor excitador de 25 W.
- Mesa de mezclas (4 canles)
- 2 micrófonos.
- 2 lectores CD.
- 2 minigravadoras.
- Unha web que recolla a imaxe dunha cámara instalada no estudio e do son da mesa de mezcla e que desde un ordenador central traslada coa axuda de varios softwares o sinal a un servidor externo desde Windows.
- Dous ordenadores .
- Cableado e conectores.

5.- PERIODICIDADE DAS EMISIÓNS.

O primeiro trimestre do curso escolar adicaríase á formación e á implantación do equipamento necesario para poder emitir a través da Frecuencia Modulada e internet.

No segundo trimestre iniciaríanse as emisións en fase de proba, para no terceiro trimestre comezar as emisións de acordo coa programación aprobada polo consello da Emisora. Comenzariamos por emitir tres días por semana (luns, mércores e venres) en horario de 20.00 a 21.00 h..

Os programas emitidos pola Emisora colgaríanse na páxina web do Centro para que poidan ser escoitados por quen o desexe a través de internet e mesmo on-line.

Cando se celebre algún acontecemento extraordinario no Centro poderán realizarse programas especiais, ben gravados ou ben en directo.

6. - METODOLOXÍA, CONTIDOS E ACTIVIDADES.

En función da idade do alumnado, apuntamos:

- Unha metodoloxía activa, funcional, lúdica, práctica e comunicativa que responda ás súas características e necesidades.
- Os alumnos/as a través da Radio aprenden manipulando, investigando, analizando e trasladando as conclusións utilizando as pautas de expresión oral incardinados nos proxectos curriculares de cada un dos ciclos donde están inscritos os alumnos/as participantes.

A radio escolar ben feita e participativa, pode contribuír a crear unha escola máis activa, máis lúdica, máis dinámica e máis en contacto coa vida, ou sexa, máis interactiva.

Pretendemos que as propostas que se poñan en marcha incidan de forma significativa nas distintas áreas do currículo.

1. ÁREA DE EXPRESIÓN LINGÜÍSTICA

En calquera actividade de Radio Escolar, trabállase:

- Lectura: recollida de información.
- Expresión escrita: ordenación e elaboración da información; realización do guión.

- Expresión oral: lectura e exposición da información.

Outras posibilidades didácticas:

Literatura. - Lecturas "musicadas" de contos, narracións breves.

Teatro radiofónico.

Rescate da tradición oral.

Entrevistas, debates e mesas redondas.

Humor.

Exemplos de programas radiofónicos derivados destas posibilidades didácticas poderían ser os seguintes:

- "A BIBLIOTECA DE CAROLA".
- Concurso literario de composicións orixinais.
- "RadioTeatro".
- "Contos da lareira".
- "Cantar os reis".
- "Xogando coas adiviñas".

2.- ÁREA DE EXPRESIÓN MATEMÁTICA.

É quizais a área á que máis dificilmente poida servir de recurso a Radio Escolar. Pero, podemos citar algúns exemplos de estratexias:

- Xogos e concursos matemáticos. .
- Comunicación de datos de de enquisas e entrevistas realizadas para os programas de radio.
- Difundir o xadrez e outras actividades que impliquen o razoamento lóxico-matemático.

Exemplos de programas:

- "O investigador"
- "EnroqueRadio "

3.- COÑECEMENTO DO MEDIO

- Investigacións sobre o medio natural e social no que o alumno/a se desenvolve: dende fauna e flora da zona ata a toponimia.

- Elaboración de guións radiofónicos sobre temas estudados na clase.
- Debates, mesas redondas, etc. sobre asuntos ou problemas relacionados co seu ámbito, ou temas de actualidade.
- Programas sobre os temas transversais, Educación para o Consumo, a Saúde, o Medio-Ambiente, Educación Vial, Educación para a Paz, etc.

Exemplos de programas poderían ser:

- "Figuroa Todo Noticias".

4.- EDUCACIÓN FÍSICA.

Difusión das distintas competicións onde participen os alumnos/as.

5.- MÚSICA.

É unha das áreas con maior relación coa radio. Fomentar os bos gustos musicais ou facer participar a alumnos/as intérpretes poden ser algúns dos obxectivos.

7.- RELACIÓNS CO CONTORNO.

Consideramos moi importante manter relacións fluídas e ben programadas coas institucións do contorno, que permitan o mutuo coñecemento, o intercambio de experiencias e o desenvolvemento de colaboracións e apoios.

Para a potenciación destas relacións, propoñemos os seguintes obxectivos:

- Continuar co espírito de apertura e cooperación coas institucións do mundo educativo (Servizo de Inspección, IES., outros CEIPs...) a fin de lograr unha verdadeira renovación pedagóxica.

- Continuar coa integración do centro na comunidade local, potenciando a apertura para actividades extraescolares que posibiliten máis e mellores contidos na Radio escolar.

- Fomentar relacións e intercambio de experiencias con outros centros con miras a un mutuo enriquecemento.

- Manter relacións cordiais e de colaboración co Concello e outras institucións locais.

- Asinar convenios de formación e asesoramento coa Emisora Local de titularidade municipal "Radio Estrada".

- Asinar convenios co Proxecto "A Estrada Dixital" para o desenvolvemento e mantemento da web do Centro.

8.- PROFESORADO.

O claustro de profesores/as está formado por 28 mestres/as que se vai renovando con novos profesores/as debido principalmente ás xubilacións.

Na súa maioría, o profesorado consolídase no centro o que permite dar continuidade ós proxectos iniciados. É un grupo de profesores/as con gran ilusión polo seu traballo , que supera as dificultades e reforza o seu sentimento de pretenza a este centro.

Asiste con regularidade a cursos de formación, polo que un dos obxectivos do proxecto consistirá na elaboración dun calendario de formación en técnicas radiofónicas que serán impartidas por persoal da radio municipal (licenciados en periodismo) a todos aqueles mestres que o soliciten.

9.- DIFUSIÓN DO PROXECTO.

O éxito do proxecto virá dado pola difusión do mesmo a toda a comunidade educativa e ó seu contorno, e o mesmo tempo posibilitará a participación externa na experiencia dunha rdio escolar.

Catro serán as iniciativas que se poñan en marcha desde o centro para acadar este obxectivo:

- 1.- Elaboración dun díptico con información do proxecto para distribuír entre os alumnos/as.
- 2.- Reunión coa ANPA para explicarlles o proxecto en profundidade e facelos partícipes do mesmo.
- 3.- Rolda de prensa cos medios locais (prensa, radio e TV Local).
- 4.- Utilizar a páxina web para achegar o proxecto a sociedade en xeral.

10. - AVALIACIÓN.

A avaliación desenvolverase a partir dos obxectivos formulados de forma operativa, tal e como se describen neste proxecto e terá un carácter continuo, e atendendo ás seguintes fases:

a) Avaliación inicial. Antes de iniciar as actividades, farase necesaria unha valoración de entrada que nos permitirá constatar o nivel de aplicación en relación coa posta en marcha de todos os dispositivos.

b) Avaliación cíclica (mensual). Coincidindo cos axustes de programación e, a este fin, atenderanse dous parámetros fundamentais de referencias, a través das oportunas enquisas e por medio de Panel de Oíntes.

As enquisas permitirannos referenciar o nivel de seguimento a efectos de estabilizar os programas máis atractivos, desde segmentos de idades ben diferenciados.

A finalidade desta avaliación será introducir os cambios que se consideren necesarios para posibilitar a incidencia da escola no entorno social.

c) Avaliación de Final de Curso. O obxectivo desta avaliación será comprobar, a validez ou non, da súa incidencia no Proxecto Educativo do CEIP. FIGUEIROA.

Por último, teremos en conta a incidencia do espazo web a través dos foros de opinión e na realización de actividades tomando referencia, sempre para elo, do número de visitas computadas.

Formarán parte desta avaliación:

1. A Comunidade Educativa (Claustro e Consello Escolar).
2. Os/as profesores/as participantes no proxecto.

